

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE MARZO DE 2019**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2019.....	17
6	PRECIPITACIÓN	19
6.1.	Precipitación acumulada mensual marzo 2019.....	19
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	20
6.3.	Días de chuvia en marzo de 2019	21
6.4.	Evolución da precipitación en marzo de 2019.....	23
7	VENTO.....	24
8	RADIACIÓN SOLAR.....	29
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	29
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	30
9	RAIOS.....	31

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 12/04/2019



Mes cálido debido as temperaturas máximas e chuvias normais.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes quedou en xeral moi marcado polas frecuentes situacións anticiclónicas que predominaron nas últimas 3 semanas, deixando temperaturas diúrnas elevadas, principalmente na segunda quincena, pero mínimas baixas que en parte compensan a anomalía das máximas. En canto a chuvia, os valores acumulados están preto da normalidade, pero cómpre destacar que case toda a chuvia caeu en soamente 3 xornadas, as do 3, 5 e 6.

Así, o mes comezaba cunha situación intermedia o día 1, na que o achegamento dunha fronte moi desfeita deixaba nubes e algunhas chuvias febles na metade oeste, volvendo de novo transitoriamente as altas presións o día 2, que foi unha xornada de tempo seco en toda Galicia.

Pero o día 3 unha nova borrasca achegábase a Galicia deixando chuvia xeneralizada na segunda metade do día, acompañada por momentos por ventos intensos de compoñente sur.

O día 4 quedamos de novo en situación intermedia, ata a chegada da seguinte borrasca o día 5 que deixaba chuvias persistentes e de forte intensidade en todo o territorio galego.

O día 6 continuaba a inestabilidade, con precipitacións intensas e chegada de aire frío que deixaba neve nas zonas de montaña de Lugo e Ourense.

Xa o día 7 podémolo considerar de transición, aínda con aire frío, neve nas zonas de montaña, pero con precipitacións de menor intensidade que na xornada anterior.

Os días 8 e 9 foron secos, aínda que as altas presións non conseguiron moverse cara ao norte, polo que os ventos do oeste deixaron nubes abundantes e na xornada do 10 unha fronte de chuvias rozaba Galicia deixando algunhas precipitacións.

Esta mesma situación de chuvias febles repetiuse de novo os días 12 e 13, quedando no medio o día 11 en situación anticiclónica.

O día 13 as temperaturas sufriron un importante descenso, polo que as precipitacións foron de neve mesmo por debaixo dos 1000 metros.



O seguinte período, entre o 14 e o 16 foi de predominio anticiclónico. As xornadas foron de ceo aberto e moita oscilación térmica, con xeadas no interior, pero máximas que superaban os 20°C en moitos lugares.

Na tarde do 16 as nubes foron en aumento e unha fronte deixaba algunhas chuvias nesa tarde-noite e na madrugada e primeiras horas do día 17.

A partir dese momento as condicións anticiclónicas foron restablecéndose e dominaron xa completamente na xornada do 18. Este anticiclón deu lugar a un período estable que se prolongou ata o derradeiro día do mes e a estabilidade soamente viuse interrompida nas xornadas do 24 e o 30 e 31 pola entrada de aire frío en altura que deu lugar a algúns fenómenos tormentosos de carácter illado. Dentro deste período anticiclónico as temperaturas comezaron baixas, pero foron subindo e a partir do 22 os termómetros xa superaban os 20°C con facilidade no sur e mesmo localmente os 25°C.

A partir do 24 tamén moitos puntos da metade norte acadaban ese valor. Despois dos fenómenos tormentosos illados na provincia de Ourense na tarde do 24, a novidade máis significativa entre o 25 e o 28 foi a presenza de ventos de leste-nordés que deixaban temperaturas algo máis baixas no norte e unha humidade relativa moi baixa no sur.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

No mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1) e tamén no mapa de 500 hPa (Figura 2) apréciase o forte bloqueo do Anticiclón dos Azores situado ao oeste da Península, impedindo o paso das borrascas que están situadas ao norte cunha forte anomalía negativa. Destaca en altura como esta área anticiclónica estendeuse ata Europa Oriental, presentando unha anomalía positiva máis acusada na metade norte da nosa Comunidade. Cunha circulación dominante de compoñente norte, as temperaturas diúrnas foron moi elevadas para as nocturnas moi baixas con xeadas. É salientable neste mes, con esta situación, as elevadas amplitudes térmicas, que superaron ocasionalmente os 20°C. Ademais os rexistros de humidade relativa, acadaron valores extremadamente baixos en practicamente toda Galicia.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Marzo-2019.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Marzo-2019.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	MARZO 2019 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.9/12.8	12.3	15.0 (1997)	9.2 (1971)
Tª mínima media	9.6/9.5	9.2	11.2 (1997)	6.3 (1971)
Tª mínima absoluta	5.6/5.8 (día 16)	0.6 (01/03/1993)		
Tª mínima máis alta	12.9/12.7 (día 9)	17.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	16.1/16.2	15.4	19.4 (1997)	12.0 (1971)
Tª máxima absoluta	19.8/20.3 (día 24)	28.2 (29/03/1965)		
Tª máxima máis baixa	12.6/12.5 (día 18/17)	6.4 (07/03/1971)		
Precipitación acumulada	41	50-80	262 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	6	12	26 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes cálido para as temperaturas mínimas e medias, mentres que tendo en conta as máximas o mes resultou moi cálido.

A chuvia acumulada foi inferior ao rango de valores normais, cualificándose o mes como seco. O número de días de chuvia foi tan só a metade do valor climático normal.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2019 Temperatura: 1948-2019

SANTIAGO

	MARZO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.2	11.3	14.7 (1997)	8.4 (2018)
Tª mínima media	6.0	6.5	9.1 (2001)	4.1 (1984)
Tª mínima absoluta	1.1 (día 16)	-4.2 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	10.9 (día 2)	13.8 (26/03/2006)		
Tª máxima media	16.5	16	22.1 (1997)	11.6 (2018)
Tª máxima absoluta	23.4 (día 27)	28.6 (24/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	11.6 (día 17)	5.6 (01/03/1993)		
Precipitación acumulada	118	96-151	637 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	8	13	29 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes frío tendo en conta as temperaturas mínimas, pero que foi cálido para as máximas. Como resultado disto a temperatura media deste mes resultou normal.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais, pero é salientable o número de días de chuvia, moi inferior ao esperado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2019. Temperatura: 1982-2019



LUGO

	MARZO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.6	9.5	12.6 (1997)	6.1 (1984)
Tª mínima media	2.5	4.0	6.9 (2001)	1.8 (1984)
Tª mínima absoluta	-1.3 (día 18)	-8.4 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	8.9 (día 9)	16.0 (02/03/2005)		
Tª máxima media	16.8	14.9	21.9 (1997)	9.5 (1970)
Tª máxima absoluta	22.6 (día 16)	27.7 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	11.0 (día 7)	4.0 (01/03/1993)		
Precipitación acumulada	85	45-81	305 (2018)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	9	11	26 (2001)	0 (1997)

Comentario: Tendo en conta a temperatura mínima, o mes cualifícase coma moi frío, mentres que resultou cálido para as máximas. Como resultado disto o mes caracterízase tendo en conta a temperatura media, como normal.

A precipitación rexistrada estivo por riba do rango de valores normais, resultando un mes húmido, pero o número de días de chuvia foi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2019. Temperatura: 1981-2019

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MARZO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.7	12.0	14.5 (1997)	8.9 (1970)
Tª mínima media	6.6	6.6	9.3 (2001)	3.4 (1970)
Tª mínima absoluta	2.9 (día 14)	-3.5 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	12.5 (día 3)	15.0 (31/03/1965)		
Tª máxima media	18.8	17.4	22.6 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	27.4 (día 26)	28.9 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	13.5 (día 7)	8.6 (19/03/1980)		
Precipitación acumulada	123	87-131	571 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	7	12	29 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes cálido tendo en conta a temperatura media debido á normalidade das mínimas e a que o mes foi moi cálido para as máximas.

A chuvia rexistrada está dentro do rango de valores normais, pero destaca o escaso número de días de chuvia con respecto ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2019. Temperatura: 1958-2019



OURENSE

	MARZO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.1	11.9	14.8 (1997)	8.5 (1984)
Tª mínima media	3.8	5.0	9.3 (2001)	1.0 (1973)
Tª mínima absoluta	-0.4 (día 18)	-6.8 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	11.8 (día 10)	15.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	20.5	18.7	25.4 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	26.1 (día 24)	30.6 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	11.5 (día 7)	5.6 (13/03/1984)		
Precipitación acumulada	61	38-50	298 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	5	9	26 (2001)	0 (1997)

Comentario: Mes normal para a temperatura media. A causa é a compensación da temperatura mínima (mes moi frío) coa máxima (mes moi cálido).

A chuvia rexistrada foi superior ao rango de valores normais, polo que o mes foi húmido, pero cun número de días de chuvia moi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2019. Temperatura: 1972-2019

5 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron en xeral algo por riba das agardadas nun mes de marzo debido principalmente aos elevados valores diúrnos rexistrados na segunda quincena do mes. A persistencia do anticiclón fai sen embargo que os valores nocturnos estean moito máis próximos ao normal, ou mesmo por debaixo. Destaca nesta segunda quincena a gran oscilación térmica (diferencia entre as temperaturas máximas e as mínimas).

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de marzo de 2019.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de marzo para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 15.8 °C. Os valores máis altos rexistráronse principalmente na zona do Ribeiro, onde os valores aproximáronse aos 21 °C. Por outra banda, os valores máis baixos déronse en Manzaneda e Pena Trevinca, con valores de 7.0 °C de temperatura máxima media.



5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de marzo para o territorio galego foi de 4.1 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca da Limia e no Macizo de Manzaneda onde as temperaturas acadaron valores negativos, aproximándose aos -1.5 °C. Os valores máis altos déronse na Ría de Vigo, onde se chegaron aos 11 °C nalgunhas localidades.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de marzo de 2019.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de marzo, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de $+0.6\text{ }^{\circ}\text{C}$. Neste mes, en lugares como a comarca do Baixo Miño, a temperatura media acadou anomalías de $+1.8\text{ }^{\circ}\text{C}$. Isto contrasta cas anomalías negativas que se deron na Serra do Xistral onde se acadaron valores na anomalía de temperatura media de ata $-0.7\text{ }^{\circ}\text{C}$.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de marzo respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse no sur da Comunidade, destacando a Baixa Limia e a Comarca de Vigo, e en Lugo a comarca de Sarria. As anomalías máis baixas neste mes déronse na Mariña Luguesa e na Comarca de Malpica de Bergantiños. (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Gondomar	Pontevedra	1.6
Veiga (A)	Ourense	1.5
Nigrán	Pontevedra	1.5
Triacastela	Lugo	1.4
Baiona	Pontevedra	1.4
Samos	Lugo	1.4
Entrimo	Ourense	1.4
Bolo (O)	Ourense	1.4
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	1.3
Tui	Pontevedra	1.3

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de marzo de 2019.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Mondoñedo	Lugo	-0.6
Alfoz	Lugo	-0.6
Abadín	Lugo	-0.4
Lourenzá	Lugo	-0.4
Valadouro (O)	Lugo	-0.4
Coristanco	A Coruña	-0.3
Monforte de Lemos	Lugo	-0.3
Cabana de Bergantiños	A Coruña	-0.3
Ponteceso	A Coruña	-0.3
Pastoriza (A)	Lugo	-0.2

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de marzo de 2019.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de marzo de 2019 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Entre os días 24 e 27 as temperaturas rexistradas na Comunidade foron moi elevadas a altitudes baixas, mentres que por riba dos 1000m destacan as xornadas do 15 e o 16.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
26/03/2019	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	28.8
27/03/2019	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	28.7
24/03/2019	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	28.4
24/03/2019	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	28.3
24/03/2019	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	28.0
28/03/2019	Areas	TUI	Pontevedra	27.9
24/03/2019	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	27.5
26/03/2019	Lourizán	PONTEVEDRA	Pontevedra	27.4
24/03/2019	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	27.1
24/03/2019	Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	26.8

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2019 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
15/03/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	21.8
15/03/2019	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	20.7
15/03/2019	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	20.3
16/03/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	20.2
27/03/2019	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	19.4
16/03/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	19.2
16/03/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	18.2
16/03/2019	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	18.0
15/03/2019	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	17.8
16/03/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	16.8

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2019 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de marzo de 2019 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Neste caso, nas xornadas entre o 15 e o 18 en ambas altitudes, rexistráronse os valores máis baixos de temperatura mínima.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
18/03/2019	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-6.1
13/03/2019	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-5.8
18/03/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-5.6
18/03/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-5.5
18/03/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-5.2
18/03/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-5.1
18/03/2019	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-3.6
18/03/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-3.6
18/03/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	-3.6
18/03/2019	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	-3.2

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2019 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
15/03/2019	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-9.2
18/03/2019	Baltar	BALTAR	Ourense	-7.1
16/03/2019	Lanzós	VILALBA	Lugo	-4.3
18/03/2019	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-4.2
18/03/2019	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-4.1
15/03/2019	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-4.0
18/03/2019	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-3.8
16/03/2019	Morelle	SARRIA	Lugo	-3.7
16/03/2019	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-3.3
16/03/2019	Coto Muiño	ZAS	A Coruña	-3.1

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2019 altitude inferior a 1000m.



5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2019.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019 para esta serie foi 11.3 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2019 para marzo.

A anomalía media da temperatura para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.44 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como cálido. O precedente máis cálido, tal e como se aprecia na Figura 6, foi o 2017. Isto debeuse principalmente as temperaturas máximas (anomalía de +1.41 °C), resultando un mes moi cálido, precedido polo marzo máis frío da serie histórica en 2018. Sen embargo, as mínimas resultaron frías (anomalía de -0.53 °C).




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en marzo, respecto ó período 1981-2010.



6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións acumuladas durante o mes están en xeral próximas á normalidade. Sen embargo cómpre destacar que o número de días de chuvia estivo por debaixo do normal, xa que a meirande parte das chuvias rexistráronse en soamente 3 xornadas de principios do mes.

Segundo os valores do mapa, a precipitación media acumulada é de 96 L/m². Os valores máis altos acadáronse en Forcarei, entre as Serra do Suído e a Serra do Testeiro, con valores próximos aos 400 L/m². Os valores máis baixos déronse na comarca de Valdeorras, nos concellos de Larouco, A Rúa e Petín, onde se rexistraron próximos aos 13 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual marzo 2019




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de marzo de 2019.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de marzo con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 20 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Na comarca de Valdeorras as porcentaxes de precipitación estiveron por debaixo do 80 % inferior ao normal. Sen embargo, tamén hai zonas que resultaron húmidas, destacando a baixa Limia, onde choveu ata un 56 % por riba do normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de marzo de 2019.

6.3. Días de chuva en marzo de 2019

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 7.0. Os valores máis altos de número de días de chuva déronse na Costa da Morte, onde acadáronse valores de 10 días de chuva. Os días de chuva máis baixos déronse principalmente no sur da Comunidade con valores próximos aos 3 días de chuva.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m² durante o mes de marzo de 2019.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de marzo. Pódese observar que na zona do noroeste de Galicia os rexistros de precipitación acumulada superaron os 100 L/m². Destacan as xornadas do 5 e 6 de marzo, no que estivemos baixo a influencia da borrasca “Laura” e a precipitación acumulada estivo en torno aos 100 L/m² en moitas localidades.

Precipitacións acumuladas máximas en marzo de 2019			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	202
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	187
Muralla	LOUSAME	A Coruña	186
Costa	ROIS	A Coruña	186
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	181
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	170
Pereira	FORCAREI	Pontevedra	167
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	161
Lesende	LOUSAME	A Coruña	159
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	154

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de marzo de 2019.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Louredo	MOS	Pontevedra	111	05/03/2019 13:50
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	104	05/03/2019 14:40
Areiro	PONTEVEDRA	Pontevedra	103	05/03/2019 14:00
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	100	05/03/2019 15:00
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	99	05/03/2019 15:00
Costa	ROIS	A Coruña	98	05/03/2019 14:20
Alto do Faro	CHANTADA	Lugo	96	05/03/2019 15:00
Amiudal	AVIÓN	Ourense	96	05/03/2019 15:10
Pereira	FORCAREI	Pontevedra	93	05/03/2019 15:30
Pazo de Galegos	VEDRA	A Coruña	93	05/03/2019 15:00

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de marzo de 2019.

6.4. Evolución da precipitación en marzo de 2019

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019, para esta serie, foi 85 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2019 para marzo.

A anomalía media das precipitacións para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 12 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como normal, tendo en conta o conxunto da Comunidade, precedido polo segundo ano máis chuvioso da serie histórica (2018).




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en marzo, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Foi nas primeiras xornadas do mes, cando en moitas localidades galegas rexistráronse refachos máximos de vento superiores aos 100 km/h. Neste caso a porcentaxe de calmas é moi variable dependendo da zona na que nos atopemos, pero salvo algúns casos, non é elevada.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en marzo de 2019				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
03/03/2019	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	160.1
03/03/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	146.6
03/03/2019	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	136.9
26/03/2019	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	133.1
05/03/2019	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	132.3
03/03/2019	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	121.2
03/03/2019	Fragavella	ABADÍN	Lugo	120.1
05/03/2019	Muralla	LOUSAME	A Coruña	119.7
05/03/2019	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	119.5
03/03/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	118.3
05/03/2019	Lira	CARNOTA	A Coruña	117.1
05/03/2019	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	116.7
05/03/2019	Xares	VEIGA (A)	Ourense	115.7
06/03/2019	Burela	BURELA	Lugo	114.8
03/03/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	110.9
03/03/2019	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	110.4
05/03/2019	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	109.4
06/03/2019	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	106.3
03/03/2019	Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	105.1
03/03/2019	Cariño	CARIÑO	A Coruña	104.7
06/03/2019	Sálvora	RIBEIRA	A Coruña	104.3
05/03/2019	Xurés	MUIÑOS	Ourense	104.1
05/03/2019	Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	102.1
03/03/2019	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	101.3



Refachos máximos superiores aos 100 km/h en marzo de 2019				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
03/03/2019	Foz	FOZ	Lugo	101.1
05/03/2019	Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	101.1
05/03/2019	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	100.9
06/03/2019	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	100.8
05/03/2019	A Lanzada	GROVE (O)	Pontevedra	100.8
05/03/2019	Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	100.5
03/03/2019	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	100.3
06/03/2019	Ons	BUEU	Pontevedra	100.0

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de marzo.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	117.1	NE	10		
		Día 5				
Pta. Candieira	Cedeira	133.1	SO	6		
		Día 26				
Malpica	Malpica	106.3	E	5		
		Día 6				
Marco da Curra	Monfero	98.6	SO	5		
		Día 3				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de marzo de 2019 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	114.8	SE	5		
		Día 6				
Ancares	Cervantes	118.3	NE	11		
		Día 3				





Táboa 11: Resumo vento no mes de marzo de 2019 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	104.1	E	8		
		Día 5				
Rodicio	Maceda	89.2	NE	14		
		Día 5				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	72.4	NO	48		
		Día 3				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de marzo de 2019 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	99.4	S	10		
		Día 5				
Ons	Bueu	100.0	NE	5		
		Día 6				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de marzo de 2019 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de marzo de 2019.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 141 raios neste mes de marzo. Estes raios foron detectados principalmente na última xornada do mes, onde as abundantes nubes de evolución fixeron que se detectasen estes raios nalgunhas localidades (Figura 15).



Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en marzo de 2019.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, o mes de marzo rematou cunha cantidade similar de raios en Lugo e A Coruña (Figura 16).



Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en marzo de 2019.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en marzo en Galicia dende o ano 2010 ao 2019. Nesta gráfica pódese observar o mes de marzo do ano 2018 tamén foi o que presentou máis raios dende que existe a rede de detección de datos.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en marzo dende 2010 a 2019.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 3

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada	
A Coruña																												
A Gándara	9.6	13.54	20.7	27	6.8	4.7	13	115	23.8	5	30	75	90	58	53	197	1415	22	121	3	974	12	0					
Aldea Nova	10.5	14.56	20.6	29	7.2	2.2	16	78	19.0	3	55	76	92	57	17	19	1361	13	85	3	989	13	0					
Arzúa	9.4	16.1	22.5	24	3.2	-1.0	16	121	45.8	5	29	79	98	53	58	211	1505	7	63	3	979	11	1					
Camariñas	12.1	14.66	19.7	23	9.1	4.3	16	63	24.9	5	-24	78	91	64	57	213	1500	20	97	5	1022	9	0					
Cariño	12.2	14.4	18.2	2	9.7	4.5	16	72	15.4	5	-11	78	90	66	54	199	1433	19	104	3	1023	10	0					
Cespón	12.6	18.54	26.2	24	7.1	3.4	14	117	37.7	5	36	73	91	50	60	222	1485	8	71	5	1018	12	0					
CIS Ferrol	11.9	16.49	23.1	29	7.7	2.7	16	55	12.2	3	20	74	92	51	56	206	1443	12	79	3	1020	9	0					
Corrubedo	12.9	17.65	24.6	24	9.1	5.9	14	74	28.9	5	-27	69	85	51	57	212	1522	12	83	5	1019	12	0					
Coruña-Dique	12.2	15.35	19.5	24	8.7	3.6	16	25	6.6	5	-	71	87	54	-	-	-	18	93	5	1021	9	0					
Coruña-Torre de Hércul	12.7	16.13	19.8	24	9.6	5.6	16	40	9.9	5	-	68	82	54	-	-	-	-	-	-	-	-	-	9	0			
*Costa	11.4	17.41	24.6	24	6.1	2.3	16	186	75.1	5	-	80	95	59	-	-	-	4	55	5	1002	9	0					
*Coto Muiño	9.3	16.74	23.3	29	2.8	-3.1	16	161	53.1	5	-	83	98	57	-	-	-	3	57	3	-	12	8					
Fontecada	9.7	15.14	21.7	23	5.1	-2.1	16	202	65.5	3	119	73	88	54	53	197	1374	12	88	5	980	12	1					
*Guísamo	11.5	16.86	22.8	24	7.3	2.9	16	66	21.8	5	-	68	84	48	-	-	-	4	43	6	1002	8	0					
*Lesende	11.7	16.96	24.4	27	7.0	4.0	13	159	62.5	5	69	68	82	50	53	198	1414	5	58	3	1003	12	0					
Lira	12.4	15.9	24.4	24	9.6	6.3	18	75	20.8	5	-32	69	83	54	59	218	1480	23	117	5	-	12	0					
Mabegondo	10.5	17.19	23.2	24	3.7	-1.0	16	75	27.4	5	-9	81	98	57	59	220	1535	8	71	3	1012	8	3					
Malpica	11.0	14.26	16.1	24	8.6	6.3	12	64	18.2	5	6	93	99	76	59	218	1447	24	106	6	1004	10	0					
Marco da Curra	8.2	12.5	18.7	23	4.8	2.5	18	86	32.2	5	9	77	92	59	53	199	1411	19	98	3	947	12	0					
Melide	9.3	16.24	22.8	23	3.3	-0.2	15	108	39.6	6	26	76	93	51	55	205	1439	7	70	3	968	12	1					
Muralla	9.2	13.6	20.2	24	5.9	2.3	18	186	64.5	5	109	77	90	58	53	197	1236	25	119	5	945	13	0					
*O Val	11.6	16.27	21.5	29	7.2	1.3	16	60	13.8	5	-	75	89	57	-	-	-	6	67	6	1015	11	0					
Olas	9.7	15.35	22.2	29	5.2	0.7	16	110	35.5	6	32	76	94	55	51	190	1334	13	82	3	-	11	0					
*Ordes	9.7	16.45	23.6	29	2.7	-1.0	16	105	38.5	5	-	75	92	52	-	-	-	5	53	5	991	10	6					
*Paramos	9.8	15.21	21.5	29	5.1	1.8	18	180	57.4	5	-	84	97	65	-	-	-	10	65	5	980	12	0					
*Pazo de Galegos	11.3	17.27	23.8	23	6.0	0.0	16	118	62.7	5	32	79	95	59	58	216	1502	5	57	3	996	8	0					
Punta Candieira	10.8	13.23	19.3	23	8.8	6.9	17	36	9.0	6	-46	77	92	62	53	199	1423	33	133	26	993	10	0					
Punta Langosteira	12.3	14.53	17.1	27	9.5	6.3	16	18	8.8	5	-	75	89	62	61	218	1449	21	101	3	1020	7	0					
Río do Sol	9.0	13.81	20.8	29	5.7	2.8	7	131	39.5	5	49	77	92	58	52	195	1457	20	100	5	960	11	0					
*Rus	10.3	17.08	23.5	29	-	-	16	76	23.0	5	-	83	99	58	-	-	-	4	50	5	1007	9	-					
Sálvora	12.9	16.13	22.5	27	10.3	7.9	13	100	40.4	5	-2	74	87	56	62	230	1620	21	104	6	-	12	0					
Santiago-EOAS	10.9	16.5	23.4	27	5.9	1.1	16	118	47.9	5	32	74	91	52	53	197	1418	15	96	5	993	9	0					
Santiago-San Lázaro	10.6	15.87	22.5	24	5.6	0.8	16	91	39.1	5	3	73	89	53	57	214	1470	11	76	3	987	8	0					
Sergude	10.9	17.09	23.8	27	5.4	-0.4	16	115	47.7	5	-	75	92	53	53	199	1317	-	-	-	-	9	1					
Serra da Faladoira	8.2	12.28	19.1	23	5.3	3.1	18	112	31.8	6	40	83	98	59	52	192	1427	25	105	3	957	13	0					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 3

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada		
Lugo																										
A Pontenova	9.3	14.76	21.7	23	5.3	2.9	13	52	18.6	6	-	78	94	57	51	190	1436	17	136	3	-	-	-	11	0	
Abradelo	8.9	14.88	21.0	23	4.0	-0.2	15	96	49.6	6	-	67	88	43	62	229	1587	-	-	-	-	-	-	12	3	
*Alto do Faro	7.7	13.38	18.8	24	3.2	0.4	18	134	60.9	5	-	74	93	48	-	-	-	8	58	3	926	-	-	11	0	
*Alto do Poio	5.9	10.33	16.8	16	1.8	-3.6	18	152	55.7	6	-	66	85	47	-	-	-	10	78	27	-	-	-	13	11	
Ancares	6.3	11.1	18.2	16	2.2	-3.6	18	62	27.0	6	-33	65	84	46	60	221	1622	17	118	3	869	-	-	11	10	
*Borreiros	11.0	15.95	19.8	2	6.3	-0.7	16	62	19.4	6	-12	80	95	59	51	187	1310	7	66	3	1016	-	-	9	1	
Bóveda	9.9	18.62	24.2	23	2.5	-1.7	15	67	41.0	6	-26	71	95	39	64	236	1615	6	63	3	973	-	-	7	5	
Burela	9.4	12.67	18.4	9	7.0	4.7	18	58	17.4	6	-12	81	95	65	53	194	1393	19	114	6	-	-	-	10	0	
Campus Lugo	9.2	16.75	22.6	16	2.5	-1.3	18	84	37.0	5	3	77	97	48	55	203	1506	6	66	3	976	-	-	9	5	
Castro R. de Lea	8.7	15.96	22.2	16	2.8	-1.8	18	64	23.9	5	-	81	97	52	57	209	1472	-	-	-	974	-	-	11	4	
Conchada	10.0	17.51	23.5	16	3.9	-1.3	18	55	30.5	6	-	71	94	45	68	251	1707	-	-	-	-	-	-	9	2	
Corno do Boi	8.0	13.41	20.1	23	3.9	1.0	18	122	39.8	5	44	78	95	55	54	203	1433	14	92	3	-	-	-	12	0	
Courel	9.3	16	22.2	27	3.9	-1.3	14	90	53.5	6	-13	63	86	39	62	228	1592	9	82	5	933	-	-	9	3	
Fontaneira	7.2	12.23	18.1	16	3.2	-0.1	18	87	42.0	6	6	74	91	53	61	226	1455	19	96	3	909	-	-	11	1	
Foz	10.6	14.6	20.0	9	6.5	1.3	16	41	11.0	5	-42	77	90	61	56	207	1473	14	101	3	1016	-	-	10	0	
Fragavella	6.9	11.27	18.2	16	2.8	-0.7	15	82	27.0	5	16	84	98	61	54	200	1438	18	120	3	953	-	-	11	1	
Guitiriz-Mirador	8.1	13.27	19.5	23	4.4	1.4	17	94	32.5	6	20	79	96	57	52	195	1353	12	70	3	943	-	-	12	0	
*Labrada	7.7	11.84	19.0	23	4.3	1.8	12	113	37.2	6	46	81	95	61	47	176	1331	12	80	3	-	-	-	14	0	
*Lanzós	8.1	14.14	20.8	30	2.1	-4.3	16	81	31.1	6	-	80	95	57	-	-	-	6	70	26	967	-	-	11	12	
*Lourenzá	10.3	16.05	21.4	22	4.6	-0.5	16	65	20.2	5	-	80	95	59	-	-	-	6	64	3	-	-	-	11	2	
Marroxo	9.7	16.02	21.2	16	4.9	0.1	15	50	23.2	6	-42	71	91	45	64	236	1550	9	74	5	949	-	-	7	0	
*Míllara	10.4	19.58	24.9	26	3.7	0.6	27	78	32.5	6	-	75	99	41	-	-	-	6	62	3	-	-	-	8	0	
*Morelle	8.8	17.38	23.4	16	1.0	-3.7	16	67	30.8	6	-7	79	99	47	52	191	1380	4	52	3	974	-	-	10	13	
O Cebreiro	5.7	12.15	19.2	16	0.7	-5.6	18	80	43.1	6	-3	71	92	50	61	225	1569	9	61	6	874	-	-	10	13	
O Xipro	8.2	14.47	20.8	16	3.2	-0.6	18	66	30.5	6	-20	75	96	48	61	227	1562	13	78	3	931	-	-	11	2	
*Olveda	8.3	15.17	21.0	23	2.8	0.0	15	109	46.6	5	26	76	94	49	58	214	1546	5	47	6	-	-	-	10	1	
Pedro Murias	11.4	15.02	20.8	9	7.6	3.3	16	43	12.1	6	-33	81	95	66	55	202	1378	14	83	3	1018	-	-	9	0	
Penedo do Galo	8.1	11.42	16.9	23	5.8	3.7	12	52	9.8	6	-13	83	97	63	54	199	1434	32	160	3	-	-	-	11	0	
Pol	8.3	14.45	21.0	16	3.6	0.8	18	72	29.8	6	-	78	97	51	57	212	1498	-	-	-	947	-	-	12	0	
Portomarín	8.9	17.08	22.5	16	2.2	-1.6	16	80	33.2	6	-	80	99	48	55	204	1375	-	-	-	971	-	-	10	5	
Sambreixo	8.1	14.82	21.2	23	2.0	-3.3	16	98	42.0	5	-	80	98	54	54	203	1447	-	-	-	-	-	-	9	10	
*San Clodio	10.5	19.45	24.8	16	3.0	-1.6	18	48	31.2	6	-	74	100	39	-	-	-	3	40	3	993	-	-	8	2	
*San Fiz	10.1	17.49	22.9	26	3.9	0.3	15	82	34.6	6	-9	74	96	45	59	216	1615	5	62	3	977	-	-	6	0	
Ventosa	7.8	14.09	21.8	16	2.4	-1.6	18	69	33.3	6	-22	70	90	46	65	239	1611	12	100	6	918	-	-	12	4	
*Vilamor	10.5	15.48	20.3	22	5.4	-0.4	16	68	24.1	5	-6	73	87	55	52	192	1427	6	77	3	-	-	-	10	1	
*Xabrega	10.2	18.9	25.1	24	3.6	-0.4	18	59	28.9	6	-35	73	95	41	58	214	1566	6	75	3	986	-	-	7	1	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 3

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada		
Ourense																										
A Mezquita	8.1	14.36	20.3	15	2.1	-3.6	18	80	47.2	6	-29	59	79	39	70	258	1763	12	76	26	907	6	6			
*A Portela	11.4	19.8	25.4	24	3.8	-1.3	18	35	28.4	6	-69	62	93	33	66	245	1602	6	56	3	-	4	3			
*A Trabe	9.8	15.6	20.1	15	4.3	0.0	18	63	39.3	6	-43	61	79	43	70	257	1752	5	49	26	933	6	1			
Alto do Rodicio	7.8	13.22	19.1	16	3.1	-2.8	18	77	36.0	6	-13	72	92	50	64	236	1663	14	89	5	910	8	5			
Amiudal	10.2	16.7	22.8	24	5.1	1.5	14	136	60.7	5	37	69	87	44	65	240	1642	10	90	3	959	8	0			
As Petarelas	10.4	18.29	24.2	16	3.7	-1.8	18	41	26.1	6	-	62	87	35	69	253	1705	-	-	-	-	4	3			
Baltar	7.8	15.43	20.4	24	-0.2	-7.1	18	80	40.4	6	-14	67	93	39	66	244	1667	10	80	5	930	7	18			
Cabeza de Manzaneda	3.9	7.75	12.7	15	0.0	-5.5	18	96	40.4	5	4	63	85	42	66	241	1746	19	110	3	828	9	12			
*Calvos	6.9	14.94	20.8	15	-1.4	-9.2	15	90	44.1	6	0	74	97	44	63	231	1624	8	80	5	-	7	21			
Casaio	7.6	12.4	18.0	16	3.1	-2.5	18	32	19.3	6	-	55	76	33	-	-	-	9	110	3	-	6	9			
*Corzos	6.7	13.67	19.4	27	0.5	-6.1	18	61	37.0	6	-	62	83	38	-	-	-	8	63	5	-	8	12			
Entrimo	10.1	17.34	24.4	15	4.6	-0.9	18	138	58.1	6	-	68	88	45	59	217	1551	-	-	-	-	8	2			
*EVEGA Leiro	10.9	21.42	28.4	24	2.5	-1.8	15	88	38.4	5	-	72	96	36	-	-	-	2	40	3	1011	7	6			
Gandarela	10.2	17.04	22.6	24	5.0	0.4	18	82	37.5	6	-13	70	91	47	64	234	1635	6	72	3	950	6	0			
Lardeira	4.7	9.44	14.9	15	0.6	-5.2	18	32	13.3	6	-72	61	81	39	66	242	1693	20	146	3	842	7	13			
*Larouco	10.7	18.27	23.7	24	3.7	-1.6	14	17	9.7	6	-	57	81	34	-	-	-	4	43	5	962	6	3			
Laza	9.9	18.5	24.1	24	2.6	-2.3	18	63	30.0	6	-35	66	93	36	68	251	1674	5	58	6	-	8	4			
Monte Medo	9.6	16.66	22.0	24	2.9	-2.2	18	77	41.0	6	-	68	92	41	61	226	1558	-	-	-	-	8	3			
O Invernadeiro	6.9	15.05	21.8	15	-0.1	-5.1	18	129	62.2	6	37	67	88	41	64	236	1643	9	62	6	906	5	14			
Ourense	11.4	20.49	26.1	24	3.8	-0.4	18	61	31.8	6	-	66	92	34	-	-	-	-	-	-	-	7	2			
Ourense-Estacións	12.3	20.98	28.0	24	5.1	1.4	18	58	28.9	6	-37	65	90	35	61	227	1539	3	45	5	1009	6	0			
*Pazo de Fontefiz	10.7	17.45	22.8	23	4.5	-0.1	15	90	36.9	6	-4	68	87	43	61	226	1542	5	44	5	975	8	1			
*Ponte Boga	10.5	18.32	24.3	28	4.0	-1.0	18	63	31.8	6	-44	60	81	35	67	245	1692	5	68	5	968	7	3			
*Prado	11.4	20.55	27.5	24	3.9	-0.5	15	77	37.0	6	-	71	94	40	-	-	-	3	38	5	1008	6	1			
Remuíño	11.0	21.4	28.3	24	3.2	-1.2	15	87	41.0	6	-2	73	96	37	56	206	1475	5	50	5	-	7	5			
*Riós	9.6	15.67	21.6	15	3.9	-1.1	18	77	44.1	6	-30	61	81	42	68	250	1759	6	49	6	-	4	2			
San Xoán de Río	7.7	13.61	20.1	16	2.6	-1.8	18	48	25.8	6	-50	69	90	45	65	241	1700	13	80	6	905	8	6			
Serra do Eixe	7.0	12.45	17.8	15	2.2	-3.0	18	56	27.9	6	-41	65	85	44	69	244	1742	15	109	5	884	9	7			
Verín-Vilamaior	10.6	18.43	24.3	24	3.9	-1.2	18	41	21.4	6	-66	62	84	39	67	246	1718	7	54	25	960	4	3			
Verín-Vilela	9.3	19.55	25.7	15	-0.1	-4.1	18	34	19.1	6	-65	70	96	38	68	250	1677	5	45	3	-	4	17			
Viana do Bolo	8.6	16.05	21.0	27	1.8	-3.8	18	50	28.8	6	-46	64	87	40	66	242	1652	9	77	5	925	6	6			
Xares	4.3	8.71	14.3	15	0.4	-5.8	13	37	19.3	6	-60	62	83	42	65	241	1728	21	115	5	828	8	14			
Xinzo	8.4	16.43	22.1	24	0.6	-4.2	18	55	31.8	6	-34	75	99	45	64	237	1690	8	57	6	951	6	17			
Xurés	8.4	13.89	20.6	15	3.5	-3.2	18	134	58.4	6	27	63	84	43	66	245	1718	17	104	5	902	8	5			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 3

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Pontevedra																											
*A Armenteira	10.3	16.3	24.4	24	4.8	0.2	14	118	49.4	5	33	75	92	55	53	198	1469	6	67	5	-	-	-	-	10	0	
A Granxa	11.7	19.75	27.1	24	3.9	-0.9	15	123	50.4	5	32	73	97	44	61	228	1538	4	51	5	1019	-	-	-	8	2	
A Lanzada	12.5	17.88	26.1	24	7.4	2.7	18	104	50.8	5	4	74	91	54	64	237	1566	17	100	5	-	-	-	-	9	0	
*Areas	12.6	20.73	27.9	28	6.7	3.0	13	125	45.2	6	-	70	88	45	-	-	-	1	37	5	-	-	-	-	10	0	
*Areiro	12.5	18.28	26.2	26	7.5	3.5	14	129	78.0	5	-	69	86	50	-	-	-	4	45	5	1014	-	-	-	8	0	
*As Eiras	12.2	18.67	25.6	24	6.4	2.2	16	104	36.0	5	9	73	92	49	64	237	1572	5	60	5	1018	-	-	-	9	0	
Cabo Udra	12.8	17.15	25.9	26	9.4	6.4	14	76	40.5	5	-21	75	89	56	58	215	1572	16	116	5	-	-	-	-	7	0	
Caldas de Reis	11.3	16.98	23.9	27	6.9	3.5	18	136	65.4	5	45	72	88	52	52	192	1458	9	71	5	992	-	-	-	10	0	
*Camanzo	10.9	17.52	24.1	24	4.8	0.3	16	93	38.7	5	5	74	92	53	56	207	1488	6	67	3	999	-	-	-	10	0	
Cangas-Porto	13.3	17.31	24.9	26	9.7	5.6	15	70	32.1	5	-	65	81	48	-	-	-	9	78	5	-	-	-	-	9	0	
Castro Vicaludo	11.0	14.64	22.4	26	7.7	2.7	18	91	33.3	5	-8	69	83	53	57	211	1552	16	119	5	967	-	-	-	9	0	
Castrove	10.6	15.9	25.1	24	6.2	3.1	13	143	44.5	5	110	87	96	70	32	75	1014	11	65	5	973	-	-	-	12	0	
*Cequeliños	12.1	19.04	25.3	24	6.4	1.8	13	78	35.2	6	-31	67	89	41	64	236	1598	10	73	3	-	-	-	-	8	0	
Corón	12.6	16.64	23.2	24	9.0	5.4	13	98	40.0	5	-11	68	83	49	62	230	1632	18	81	3	1022	-	-	-	9	0	
*Entenza	12.3	19.73	26.8	24	6.3	0.4	14	84	32.0	5	-5	72	92	46	55	204	1505	2	52	5	-	-	-	-	9	0	
Fornelos de Montes	10.3	14.64	21.2	24	6.6	2.2	13	187	58.1	5	82	66	81	49	60	222	1552	17	99	5	941	-	-	-	9	0	
Illas Cíes	13.3	16.76	24.3	26	10.2	7.6	14	67	36.2	5	-34	74	89	56	63	234	1623	12	102	5	-	-	-	-	8	0	
Lalín	9.4	15.53	21.6	24	4.3	-1.2	14	93	40.4	5	-	72	91	48	-	-	-	9	63	6	-	-	-	-	9	1	
*Louredo	11.3	17.66	25.4	24	6.8	2.7	15	137	63.3	5	-	77	93	56	-	-	-	3	32	6	994	-	-	-	6	0	
Lourizán	12.2	18.85	27.4	26	6.6	2.8	14	123	61.1	5	34	74	93	52	52	192	1470	4	60	6	1017	-	-	-	8	0	
*Meder	12.7	19.5	26.2	24	6.8	2.7	13	85	40.6	6	-	62	81	40	-	-	-	2	41	5	1006	-	-	-	6	0	
Monte Aloia	11.0	17.11	24.6	24	6.6	2.6	15	147	49.5	5	61	73	88	55	44	164	1359	8	79	5	966	-	-	-	11	0	
Mouriscade	8.3	16.47	22.3	29	1.0	-4.0	15	101	39.6	5	17	76	90	57	60	222	1561	7	69	3	964	-	-	-	9	17	
O Viso	12.2	19.88	28.7	27	7.0	3.5	13	108	46.1	5	7	68	84	48	58	217	1488	9	83	3	991	-	-	-	10	0	
Ons	12.2	15.9	22.5	26	9.0	5.4	18	104	55.0	5	4	76	89	59	66	244	1706	20	100	6	1009	-	-	-	8	0	
*Pé Redondo	12.6	18.04	25.4	24	8.1	4.1	18	121	53.8	5	39	73	87	55	52	195	1304	4	70	5	-	-	-	-	10	0	
Pereira	8.8	14.33	21.2	24	4.2	0.9	18	167	55.8	5	-	77	91	56	61	225	1567	-	-	-	940	-	-	-	12	0	
*Ponte Caldelas	11.3	16.43	24.3	24	6.3	1.5	13	112	43.8	5	10	66	80	49	58	217	1470	10	63	5	981	-	-	-	11	0	
Pontevedra-Campolongo	13.1	20.55	28.8	26	6.9	2.5	14	128	56.8	5	-	68	89	44	-	-	-	3	51	5	-	-	-	-	10	0	
Queimadelos	12.3	18.9	26.3	24	7.8	3.9	14	118	49.4	5	-	66	79	48	36	135	1151	--	--	-	980	-	-	-	8	0	
Rebordelo	10.1	17.13	25.2	24	3.3	-1.4	15	170	62.0	5	-	75	96	50	58	216	1470	-	-	-	981	-	-	-	12	4	
Sanxenxo	12.5	18.07	26.7	24	8.0	3.5	14	100	37.4	5	8	66	82	47	54	202	1481	4	75	5	1020	-	-	-	10	0	
Serra do Faro	7.7	12.73	18.5	24	3.7	-0.3	14	144	61.8	5	53	71	87	51	61	226	1514	19	91	5	908	-	-	-	10	2	
*Simes	12.2	18.44	26.0	24	6.4	2.3	18	89	38.9	5	-	73	91	52	58	217	1530	-	-	-	-	-	-	-	8	0	
*Soutomaior	12.4	18.31	26.3	26	7.9	3.6	15	102	46.6	5	-	63	78	45	-	-	-	3	46	6	1003	-	-	-	10	0	
*Torrequeintás	12.4	18.43	26.1	24	6.9	2.3	14	120	57.8	5	42	66	82	47	52	193	1085	6	73	5	1015	-	-	-	9	0	
*Tremoedo	12.2	17.58	25.2	24	7.0	1.7	14	118	54.7	5	-	71	88	51	-	-	-	5	55	5	1015	-	-	-	10	0	
Vigo	13.3	18.5	26.2	26	9.2	3.8	14	87	44.6	5	-	66	81	48	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	8	0	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 3

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Vigo-Campus	11.4	15.26	22.2	24	8.6	4.1	18	119	49.3	5	15	67	80	51	62	229	1592	9	101	5	969	11	0		
Xesteiras	8.7	12.9	19.7	24	5.5	1.6	18	154	51.0	5	-	75	88	57	-	-	-	27	132	5	-	13	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.